



presenta

EMOTI CORPES

corpo + emoción + cor

UNIDADE DIDÁCTICA

www.lastricotouses.com

COA AXUDA DE



AGADIC



COA COLABORACIÓN DE




presentación UNIDADE DIDÁCTICA EMOTICORES

Ao igual que os adultos, @s nen@s necesitan espazos onde recoñecerse e expresarse afectiva e emocionalmente. É importante que a escola proporcione lugares de contacto e expresión e así camiñar cara un modelo educativo máis integrador, humano e creativo.

Unha parte importante dos problemas escolares - desmotivación, falta de concentración e rendemento, bullying... - teñen que ver cos afectos e o seu manexo. @ nen@ vai co seu mundo emocional á escola, e é mesmo na escola onde crea ese mundo emocional. A dificultade na xestión e manexo das emocións, repercutirá negativamente no plano intelectual e físico, traducíndose así nun peor rendemento académico, e nunha falta de benestar e equilibrio d@s nen@s.

Neste sentido, o traballo coas cores e a danza, preséntase coma excelente ferramenta, para ilustrar e recoñecer aqueles espazos emocionais que precisan ser expresados e atendidos.



EMOTICORES ademáis dunha peza escénica é un proxecto que parte da visión integradora do sistema educativo.

EMOTICORES válese da Danza, a Psicoloxía e o Mindfulness para abordar o traballo cas emocións e así describir os seus procesos e o seu manexo.

EMOTICORES presenta unha unidade didáctica dirixida a rapac@s de primaria a partir dos 8 anos.

EMOTICORES ten a intención de traballar directamente na propia aula c@s nen@s e profesor@s perseguindo os seguintes obxectivos principais:

- Promover unha educación global integrando as emocións.
- Axudar @s nen@s a recoñecer e xestionar as súas emocións.
- Introducir na escola as artes do movemento.
- Achegar a visión da Psicoloxía Humanista ao traballo pedagóxico na escola.

O desenvolvemento das actividades pedagóxicas atenderán ao interese e dispoñibilidade do centro educativo escollendo unha das dúas opcións:

a) ESPECTÁCULO + 1 CLASE PRÁCTICA

b) ESPECTÁCULO + UNIDADE DIDÁCTICA COMPLETA (8 sesións)

As prácticas serán impartidas polas integrantes e creadoras escénicas **Cristina Montero e Rut Balbis** xunto a Psicóloga e Terapeuta Gestalt **Paula Pintos**.



PAULA PINTOS, 1982

Psicóloga col. 4017 (USC), Terapeuta Gestalt, Postgrao en Mindfulness e proceso corporal (Pañña, centro de Psicología Humanista). Dirixe e traballa en Gestatl Crea, centro de Psicología, como terapeuta individual de adultos, adolescentes e nenos, impartindo tamén talleres grupais de crecemento personal a través da Arte. Dende o 2008 ao 2011 traballa como profesora de Hatha loga para a universidade de Santiago de Compostela, e do 2005 ao 2007 fai traballos de dinamización cultural para o Concello de Santiago.

RUT BALBÍS, 1979

Creadora-coreógrafa, intérprete e docente de danza contemporánea éLicenciada en C.C. da Actividade Física e do Deporte e realiza o One Year Certificate in Contemporary Dance en The Place (Londres).

En paralelo ao seu proxecto con Las Tricotouses e Pisando Ovos desenvolve o seu traballo docente na Aula de Danza da Universidade de A Coruña desde 2005, ademáis de colaborar con outras compañías de teatro e danza e imparte cursos de movemento e creación escénica.

CRISTINA MONTERO, 1978


Creadora-coreógrafa, traballou con Teatro do Morcego, Cía.40 Pasos, Cía San&San , Cía. Bucanero, Cía. Trespasando e realiza os seus propios espectáculos.

Foi docente da Escola de Formación de actrices e actores de Narón desde 2003 e docente e coordinadora da Escola de Danza Contemporánea de Narón desde 2009, onde imparte talleres de expresión e movemento e actualmente imparte obradoiros de danza para todos os públicos.





Creación e interpretación:
Cristina Montero e Rut Balbís
Iluminación e programación audiovisual:
Afonso Castro
Espazo sonoro e deseño gráfico:
Jas Processor
Unidade didáctica:
Paula Pintos, Cristina Montero e Rut Balbís
Vestuario:
Teresa Gutiérrez
Vídeo:
Miramemira
Produción:
Manu Lago
Produce: Las Tricotouses
Axuda en produción: AGADIC - Xunta de Galicia
Colabora: Concello de Ferrol



INSTRUCCIÓNS:

1. Pinta de cor as tuas emocións nesta pirámide.
2. Recorta e constrúe a pirámide.
3. Comparte a túa obra e fai unha colaxe 3D cos teus compañeiros de clase.

WWW.LASTRICOTOUSES.COM

lastricotouses@gmail.com

607186224